

## PROFESORADO DE GARDA, EN DPTOS. OU OUTRAS ESTANCIAS

Ao oír a Alarma Acústica de emerxencia e/ou a orde de evacuación:

- Abandonarán a estancia que ocupen asegurándose que está valeira e confirmarán que se pechan portas, ventás (si é posible) e corte de subministro eléctrico (en cadro se existe, ou se non no corte do interruptor de iluminación) da estancia e marcará que foi evacuada e revisada (p.e. cunha cadeira na porta).
- O seu cometido será garantir unha boa evacuación, evitando interrupcións e controlando que non quedan persoas atrás (para iso abrirán as portas de saída de maneira completa e situaranse nos puntos de tráfico conflictivo (escaleiras e portas de saída) para axilizar a evacuación).
- Dirixiranse ó PUNTO DE ENCONTRO.

A persoa encargada da biblioteca será a encargada da evacuación do alumnado que se atope ocupándoa nese momento (mesmas pautas de peche de portas e ventás, corte de subministro e marcar o aula como evacuada).

**Nota:** Se a emerxencia se produce durante o tempo de recreo:

O profesorado dirixirase as saídas de evacuación respectivas e o profesorado de garda terán as mesmas tarefas que tiñan asignadas anteriormente.

### Recomendacións:

#### **Guía de boas prácticas durante a evacuación**

- **Manter a orde ó saír, non correr, non gritar e falar o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas a súas facultades físicas (é convinte asignar alumnado que no caso de emerxencia puidesen axudarlle).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada en sinalización fotoluminiscente de evacuación)**
- **Non demorarse a recoller obxectos persoais.**
- **Non utilizar os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realizar a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra as ventás e axite os brazos pedindo axuda.**

**DIRIXIRSE Ó LUGAR DE REUNIÓN FIXADO E PERMANECER NEL HASTA RECIBIR INSTRUCCIÓNS.**